

Roubo á conciencia

A *represión da masonería viguesa* de Luís Lamela García, que n nos ten ofrecido investigacións pioneiras sobre a represión franquista en Galicia, é un traballo rigoroso e fundamental nas novas achegas á historia local de Vigo, á da masonería e a da represión franquista. Lamela abre arquivos descoñecidos para darnos con vidas truncadas que evocan o marco democrático da II República, vidas de homes liberais e laicos, masóns que podían desenvolver a súa actividade abertamente despois da despenalización da masonería e que pertencían á unha burguesía media formada por avogados, médicos ou empresarios con solvencia económica. Introducimonos na historia da masonería viguesa en 1910 cando catro irmáns constitúen un Triángulo nos Vales de Vigo; así xurdía Vigo n° 66. Nacerían despois outras loxas das que se nos ofrece como información o Cadro-Relación de irmáns masóns das loxas VIGO N° 66, OLIVA N° 308, VICUS N° 8 e SER N° 16. De seguido, mostráanse as catro fases en que se desenvolveu a persecución e

Rigoroso e fundamental

 MARGA ROMERO



represión da masonería viguesa a partir do golpe de estado de 1936. Salienta unha vez máis a figura do tenente da Garda Civil Francisco González Rodríguez, *o Rabioso*, un dos principais persona-

xes na represión exercida en toda a zona, están baixo a súa responsabilidade: os fusilamento de Antonio Carballo Vázquez, concelleiro por Izquierda Republicana, Ramón García Núñez, Gobernador Civil de Lugo e do mesmo partido co anterior; os paseos de Segundo Echegaray García e Inocencio Taboada Montoto, e a extorsión económica con grandes cantidades a outros moitos Irmáns. A partir do 15 de setembro de 1936, data na que se publica o primeiro decreto contra a masonería, a persecución dos seus membros é imparábel, e este traballo demostra como o franquismo converteu “o seu antimasonismo nun leitmotiv do seu réxime, coa acusación xenérica de contuber-

nio-masónico-marxista”. O 1 de marzo de 1940 promúlgase a Lei para a Represión da Masonería e do Comunismo, que impuxo penas aos masóns vigueses que ían entre os 30 anos de reclusión maior até doce anos e un día de reclusión menor, represión que se exercía tamén coa inhabilitación absoluta e perpetua, sempre había unha sanción económica que podía chegar ao embargo das propiedades. Fundamental é o apartado “A Represión irmán a irmán” que, ademais de fornecer datos biográficos dos protagonistas, nos introduce directamente na lealdade ou na traición a través da documentación exhumada, das declaracións de encausados, dos seus comportamentos. Sobresae o caso de Otto Louis Schuneman que pon en relación directa o franquismo co nazismo. O traballo demostra claramente que a represión contra os masóns foi un roubo a (á) conciencia e que a masonería era un pecado cumpría eliminar.

LAMELA GARCÍA, Luís, *A represión da masonería viguesa*, Ed. A Nosa Terra, Vigo, 2008, 262 páxinas.